



O alumnado axudante como figura chave para a construción dunha convivencia positiva

The student assistant as a key figure for the construction of a positive coexistence

Aixa Permuy Martínez, María José Méndez Lois, Felicidad Barreiro Fernández
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo

Esta comunicación relata a experiencia do curso de formación de alumnado axudante levado a cabo en 1º de Educación Secundaria Obrigatoria, no IES "Parga Pondal" de Carballo, polo Seminario de Emocionalidade, Xéneros e Desenvolvemento Humano do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, durante este curso 2014/2015.

O obxectivo desta actividade era proporcionar ao alumnado os coñecementos básicos relativos ás funcións, destrezas, ferramentas e estratexias de intervención dxs axudantes.

Nas sesión abordáronse temáticas como as relacións entre iguais, os conflitos e a súa resolución, as posibilidades de acción do alumnado axudante para contribuir á convivencia positiva...

Palabras clave: mediación escolar, conflito, alumnado axudante.

Abstract

This paper describes the experience of the training of assistant students conducted in the first year of Secondary Education in school "Parga Pondal" of the town of Carballo, on the staff of the Seminary of Emotionality, Gender and Human Development Institute Science Education at the University of Santiago de Compostela, during the course 2014/2015.

The objective of this activity was to provide students with basic knowledge of the functions, skills, tools and intervention strategies attendees.

Sessions will address issues such as relations at the Center, conflict and its resolution, the possibilities of action of attending students to contribute to the positive coexistence...

Keywords: school mediation, conflict, student assistant.

Introdución

O curso de formación de alumnado axudante, levado a cabo con rapaces e rapazas do 1º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) do IES "Parga Pondal" de Carballo, organizado polo propio Centro, en colaboración co Seminario de Emocionalidade, Xéneros e Desenvolvemento Humano (EXDEHU) do Instituto de

Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela (USC), durante este curso académico 2014/2015, xorde a petición do propio instituto "Parga Pondal" como medida educativa para a procura da convivencia positiva no Centro. O obxectivo desta actividade era proporcionar ao alumnado, que asiste voluntariamente á formación, os coñecementos básicos relativos ás funcións, destrezas, ferramentas e estratexias de intervención dos e das axudantes.

A formación, baixo esta máxima, organizouse en dous módulos temáticos: un primeiro sobre as funcións deste alumnado axudante (dun total de 3 horas); e un segundo sobre o adestramento en destrezas e competencias para as funcións a desempeñar como tal (de 6 horas de duración).

Estas sesións deron como resultado a constitución dun grupo de traballo no que se abordaron diferentes cuestións sobre a vida no centro escolar, os conflitos e a súa resolución, as relacións entre adolescentes e as posibilidades de acción, como alumno ou alumna axudante, para contribuír ao benestar individual e grupal na aula e, consecuentemente, á convivencia positiva no Centro.

Poden referirse moitas razóns que fan precisa e pertinente a posta en marcha de sistemas de apoio e axuda entre iguais na ESO pero, fundamentalmente, como resposta ante as necesidades diarias dos centros escolares, estarían: unha atención simétrica e inclusiva á diversidade, a mellora do clima de convivencia a través da autoxestión e a resolución dos conflitos, o desenvolvemento da educación en valores, e o recoñecemento e a promoción de modelos de comportamento solidarios, colaborativos e positivos entre os rapaces e as rapazas.

O alumnado axudante posibilita a posta en valor dun grande recurso humano, o propio alumnado, demostrando ademais que esta ferramenta de sostén entre iguais, a favor da convivencia positiva e respectuosa, promove ese requisito tan fundamental, tanto para a aprendizaxe como para o desenvolvemento integral dos rapaces e das rapazas, a mellora do clima no centro e a cohesión afectiva dos grupos.

En palabras de Santos Guerra (cit. en Navarro, 2011, p. 17), "cando existe un conflito, por exemplo, pouco se poderá aprender se as actitudes son divisoras"; así, a figura do alumno e da alumna axudante actúa como mecanismo chave para a adquisición das aprendizaxes nun contexto de benestar.

Punto de partida e desenvolvemento

O alumnado axudante pódese definir como ese alumnado, seleccionado en base ás súas competencias sociais e emocionais, pero que decide voluntariamente participar na vida do centro como alumnado axudante, ao que se forma para que sexa capaz de:

- Informar aos compañeiros e compañeiras de cuestións relacionadas coa aula, co centro ou con outras persoas da comunidade educativa.
- escoitar aos compañeiros e compañeiras respecto das súas inquedanzas, dificultades, problemas...
- Prever situacións de violencia.
- Sensibilizar ás compañeiras e compañeiros sobre as cuestións que promoven a convivencia positiva e o benestar, individual e grupal.
- Difundir informacións, -susceptibles de ser de dominio público-, relacionadas coa aula, co centro ou con persoas que forman parte da comunidade educativa.
- Detectar posibles situacións de exclusión, trato desigual, malestar, violencia...
- Apoiar a compañeiras e compañeiros nas súas problemáticas, dificultades ou particularidades; pero tamén ao profesorado, na medida das súas posibilidades, para o desenvolvemento positivo das clases.
- Acoller e acompañar ao alumnado con necesidades educativas, sociais ou emocionais particulares, na vida no centro.
- Derivar casos de alumnas ou alumnos en situacións persoais, académicas ou familiares conflitivas ou de gravidade a outras persoas se non lles poden axudar por si mesmos/as.
- Promover a convivencia positiva, respectuosa e igualitaria no centro.

A figura de axudante esixe que sexa un alumnado recoñecido e valorado no grupo e no curso. Pero, sobre todo, esixe un grao de desenvolvemento social e unha serie de habilidades de comunicación e empatía considerables, -aínda que no curso se adestra para mellorar nestas cuestións-.

Ao finalizar a formación o perfil do alumnado axudante é o dun alumando que inspira confianza, porque sabe escoitar, ten criterio e capacidades axustadas para a relación interpersoal; pero, sobre todo, é un alumnado que está preparado, motivado e disposto para acompañar no afrontamento dos conflitos, sabendo como axudar ás persoas, coas ferramentas oportunas, para a resolución positiva dos mesmos.

Pero ademais, é un alumnado que actúa a favor da vida na aula, tamén no que ten que ver coa axuda ao profesorado, xa que se ocupa de colaborar co mesmo, nos momentos precisos; como se ten dito, por exemplo, na difusión de informacións, no apoio en momentos ou actividades concretas das clases; na acollida de novo alumnado ou compañeirxs con necesidades particulares...

O curso de formación deste alumnado, seguindo estes presupostos, desenvolveuse baixo o obxectivo fundamental de proporcionar coñecementos básicos

sobre ás funcións, destrezas, ferramentas e estratexias de intervención do alumnado axudante.

O grupo configúrouse cun total de 9 persoas, -4 rapaces e 5 rapazas-, de distintos grupos de 1º curso da ESO do centro, motivadas e motivados para incorporarse a esta actividade. E, como se comentou, traballouse ao longo de seis sesións, dunha duración de hora e media cada unha; o que fai un total de 9 horas de formación.

A actividade organizouse en dous módulos; un primeiro, introdutorio, para aproximarse conceptualmente, pero tendo en conta as súas percepcións, ás funcións do alumnado axudante. A finalidade deste primeiro módulo era construír, dende os seus coñecementos, unha batería de funcións para que as tomasen como referente para a súa intervención. E o segundo módulo, que adestrou en destrezas e competencias para a función de axudantes, consistiu na posta en práctica das competencias que se precisan para levar a cabo as funcións de dito posto: a empatía, a tolerancia, a escoita activa e respectuosa, a confidencialidade, a comunicación positiva, a creatividade, a responsabilidade, a negociación, etc. Traballouse en todas estas cuestións a través de explicacións, simulacións, dinámicas de grupo, representación de roles e debates, entre outras.

En palabras de Valdemoros e Goicoechea (2012, p. 11), "a educación para a convivencia constitúe unha aprendizaxe necesaria na sociedade actual do século XXI."; así, a existencia do alumnado axudante, fundaméntase nesta necesidade contemporánea de aprender a convivir en benestar, de que existan figuras dentro dos centros educativos que actúen como referentes ou modelos de comportamento para os rapaces e as rapazas, pero tamén como axentes proactivos fronte a ampla diversidade de situacións que acontecen no día a día dos centros de secundaria.

Segundo Funes (2009, p.312), "a obrigatoriedade da ensinanza (ata os 16 anos) nun sistema educativo ríxido que non proporciona respostas e saídas ás expectativas de todos os alumnos, leva aos institutos a vivir problemas educativos que encobren verdadeiros problemas sociais.". Nesta tesitura o alumnado axudante pode contribuír a mellora das condicións de vida no centro para moitos rapaces e rapazas que, so nos seus iguais, atopan o acompañamento, a escoita e a axuda precisa para reconducir os seus comportamentos, as súas inquedanzas, os seus pensamentos e sentimentos e, a fin de contas, as súas decisións, as súas vidas.

Resultados e conclusións

Durante o desenvolvemento da formación, e ao finalizala, recompiláronse datos e informacións relativas á percepción do alumnado sobre a mesma. A través da observación, -participante e non participante-, de conversas informais e dun cuestionario final breve, avaliáronse: a satisfacción, as suxestións e os elementos susceptibles de ser destacados así como a percepción individual das aprendizaxes adquiridas no transcurso da actividade. Ademais, diariamente, para completar estas informacións, recolléronse datos en relación aos cambios no fluxo emocional dos rapaces e das rapazas, para

analizar en que medida a actividade provocaba algún cambio no seu estado anímico.

En relación a estes cambios no fluxo emocional, púidose observar que a totalidade do alumnado mantiña, antes e despois da sesión, unha sensación e un estado de ánimo positivo e agradable, ou ben, no caso de comezar con sensacións e/ou emocións de incerteza, nervios ou preocupacións, -a causa de cuestións alleas a este curso-, ese estado anímico cambiaba a positivo. Por exemplo, citando textualmente, unha das persoas participantes, na primeira sesión, antes de comezar a actividade, recollía por escrito que se sentía “*bastante nerviosa*”, e ao finalizar a sesión, “*máis tranquila*”.

Outra persoa, na cuarta sesión, mostrábase, e así o recollía por escrito, ao comezo, “*triste por un problema pero co curso moi ben*”, e, ao rematar a sesión, comentaba “*sigo co problema (moi ben)*”.

A formación foi valorada moi positivamente, tanto no transcurso da mesma como ao finalizar a actividade. O alumnado participante destacou, entre outras cuestións, a amabilidade da persoa condutora das sesións, o agradable de poder compartir ese momento cos compañeiros e coas compañeiras nese formato de grupo de traballo, as posibilidades de actuación das que tomaron conciencia como alumnado axudante, os exercicios desenvoltos...

Por outra banda, en canto a suxestións, a totalidade do alumnado manifestou que deberían darse máis sesións, que o obradoiro durase máis tempo para poder adestrarse máis, e incluso algunhas persoas comentaron que máis alumnado debería acudir a estar formación, porque, textualmente, “*se aprenden moitísimas cousas*”.

Concretamente, en relación ás aprendizaxes que as persoas participantes destacaron ter adquiridas durante o curso, citando textualmente, serían:

- “*Aprendín como debe comportarse e as características que debe ter un alumno ou alumna axudante. E coñecín a fondo á xente que ata agora non coñecía.*”
- “*Aprendín que ser alumn@ axudante non se trataba de buscarlle solucións á persoa que se encontre mal, senón tratar de facer que se sinta mellor, darlle compañía e ser comprensiv@ con el ou ela. Tamén aprendín que unha das cousas máis importantes é saber escoitar e ser respectuos@.*”
- “*Aprendín a traballar cos compañeiros, a escoitar, non falar tanto, tomarme as cousas en serio, ser moito máis comprensivo e a facer novos amigos e axudar a xente que teña problemas e poñerme na pel dos demais.*”
- “*Pois... Aprendín moitas cousas. Que hai que saber escoitar, que iso facíao a medias. Hai que falar dúas veces menos do que escoitamos. E tamén aprendín a ser bo alumno axudante e creo que o farei moi ben.*”
- “*Aprendín a saber escoitar, ser respectuosa e moitas cousas máis pero non me poño a dicilas porque senón acabo o folio. Ademais de aprender moitas cousas sobre o alumnado axudante, coñecín moi bos amigos e á profesora. Son xeniais as clases.*”

Con todo isto, a pertinencia e o interese de desenvolver actividades de formación de alumnado axudante, que potencien a adquisición de coñecementos, ferramentas e destrezas para a acción, pero que tamén contribúan ao desenvolvemento integral do alumnado participante, parecen máis que xustificadas. Esta actividade ten demostrado que prepara aos rapaces e ás rapazas para afrontar a vida no Centro, dende unha perspectiva máis respectuosa, solidaria, empática e afectiva, o que, sen dúbida, contribúe a creación dun clima convivencial moito máis positivo, -tanto na aula na que se atopa este alumnado, como no curso no que desenvolven as súas funcións como axudantes-.

Esta formación pretende servir como ferramenta preventiva fronte a violencia entre iguais, fronte aos comportamentos desadaptativos e ante unha ampla diversidade de situacións vitais do alumnado que precisan de todas as axudas posibles, xa que o profesorado, pese a súa boa vontade, non ten a capacidade de chegar a todo.

En palabras de Usó Guiral, Adrián Serrano e Villanueva Badenes (2009, p. 253) “tanto as estratexias de axuda entre iguais e de mediación, como os servizos que éstas xeran dentro da escola na súa posta en práctica, inciden directamente na creación de valores en acción (Bolívar, 1995). Favorécese a reflexión moral dende unha perspectiva inclusiva onde se crea sentido de pertenza e cohesión ao grupo, fomentando o «nos» como preocupación compartida e promovendo un sentido de conciencia común e colaborativa”.

Referencias

- Juan Navarro (Coord.) (2011). *Diversidad, Calidad Equidad Educativas*. Murcia: Consejería de Educación, Formación y Empleo. Recuperado de: <http://diversidad.murciaeduca.es/publicaciones/diversa2011/docs/msantos.pdf>
- Usó Guiral, I.; Adrián Serrano, J.E.; Villanueva Badenes, M.L. (2009). La convivencia en las aulas de secundaria: programas alumno ayudante y alumno mediador. *Jornades de Foment de la Investigació*. Alicante: Universitat Jaume I. Recuperado de: http://repositori.uji.es/xmlui/bitstream/handle/10234/77670/forum_2009_16.pdf?sequence=1
- Valdemoros, M.A.; Goicoechea, M.A. (coords.) (2012). *Educación para la convivencia. Propuestas didácticas para la promoción de valores*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Funes, S. (coord.) (2009). *Gestión eficaz de la convivencia en los centros educativos*. Madrid: Wolters Kluwer.

Agradecementos

Quixeramos aproveitar este espazo para agradecer á comunidade do IES “Parga Pondal” de Carballo, e en especial ao seu Departamento de Orientación, a confianza depositada no Seminario de Emocionalidade, Xéneros e Desenvolvemento Humano (EXDEHU) do ICE da USC, para a formación do seu alumnado axudante.